

Concurso de decoración locais de hostelería Arde Lvcvs MMXVIII

Bases do Concurso

1 - OBXECTIVO

Premiaranse os establecementos de hostelería de Lugo mellor decorados e integrados na festa de Arde Lvcvs.

2 - INSCRICIÓNS

As inscricións realizaranse do 1 ao 20 de maio de 2018, a través do teléfono: 010.

Para inscribirse, os datos a cumprir, obrigatoriamente, son: nome do titular do establecemento, nome do establecemento participante, NIF / DNI, dirección, teléfono, correo electrónico e páxina web (se a tivese). Coa inscrición, os participantes recibirán o seguinte: . Distintivo de "Local de Concurso" para identificar o seu establecemento. . Inclusión do nome do establecemento, cun enlace á súa dirección, na web do Arde Lvcvs www.ardelucus.com. Se envían unha fotografía, en boa resolución, tamén se inserirá a imaxe na páxina web.

3 - PERÍODO DE EXHIBICIÓN

Os establecementos terán que estar decorados, como mínimo, do 4 ao 17 de xuño de 2018.

4 - CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

Todos os establecementos terán que acreditar a súa participación situando, en lugar visible, o distintivo proporcionado pola Organización. A ausencia desta acreditación ou a intencionada dificultade para a súa localización implicará a descualificación do establecemento participante.

5 - XURADO

O xurado estará constituído por tres persoas cualificadas na materia. As persoas que conforman o xurado visitarán os establecementos para a valoración e concederán, segundo o seu criterio, os premios que consideren

oportunos, reservándose a posibilidade de declarar desertos os que estimen conveniente.

O fallo do xurado será inapelable e farase público en data posterior a finalización da festa.

6 - PREMIOS

O I Concurso de decoración locais de hostelería Arde Lvcvs outorgará os seguintes premios:

- Primeiro Premio: 1000 euros;
- Segundo Premio: 500 euros; e promoción publicitaria
- Terceiro Premio: 300 euros; e promoción publicitaria

7 - ACEPTACIÓN

A participación no **Concurso de decoración locais de hostelería Arde Lvcvs MMXVIII**, leva implícita a aceptación íntegra destas Bases.

Lugo 19 de febreiro de 2018

A Concelleira Delegada de Área

A funcionaria adscrita a Xuventude

Asdo: Carmen Basadre Vázquez

Asdo.: M^a José Pena Lage